

II. AUTORIDADES E PERSOAL**B) NOMEAMENTOS****CONSELLERÍA DE SANIDADE**

ORDE do 6 de xuño de 2019 de cesamento e nomeamento de membros do Consello de Bioética de Galicia.

O presidente do Consello de Bioética de Galicia enviou escrito ao conselleiro de Sanidade no cal comunica a renuncia de Mariana García García, de José Antonio Seoane Rodríguez e de Manuel Macía Cortiñas como membros do citado consello.

Antecedentes:

A Orde do 16.10.2015 pola que se regulan as funcións, a composición e o funcionamento do Consello de Bioética de Galicia foi obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) do 27.10.2015.

Mediante a Orde do 16.11.2015 nomeáronse os membros integrantes do Consello de Bioética de Galicia (DOG do 23 de novembro), entre os que figuraban como membros as tres persoas anteriormente citadas.

Consideracións legais e técnicas:

De conformidade co parágrafo II do punto 1 do artigo 3 da Orde do 16.10.2015, os membros do Consello de Bioética de Galicia serán nomeados e cesados pola persoa titular da consellería con competencias en materia de sanidade por un período de tres anos, prorrogables por outro período de igual duración. Tanto o nomeamento como o cesamento serán publicados no *Diario Oficial de Galicia*.

O artigo 8 establece que unha das causas de cesamento dos membros do consello é a renuncia expresa presentada por escrito ante a persoa titular da Presidencia do Consello.

Pola súa banda, no que atinxe á súa composición numérica, segundo dispón o referido punto 1 do artigo 3 da orde, o Consello de Bioética de Galicia estará integrado por un máximo de vinte membros, que deberán dispor de titulación en Ciencias da Saúde, Humanidades ou Ciencias Xurídicas e Sociais, polo menos a metade deles deberá ter formación en bioética.



Na actualidade, a composición do consello axústase ao citado tope numérico e, coa vontade de mantelo, propúxose o nomeamento de Xoán Xosé Casas Rodríguez, médico de familia, así como de Luisa Fernanda Peleteiro Pensado, facultativo especialista en psiquiatría.

Logo de ver o que se expuxo,

ACORDO:

O cesamento de Mariana García García, de José Antonio Seoane Rodríguez e de Manuel Macía Cortiñas, por petición propia, como membros do Consello de Bioética de Galicia.

Así mesmo, o nomeamento de Xoán Xosé Casas Rodríguez e de Luisa Fernanda Peleteiro Pensado como membros do Consello de Bioética de Galicia.

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 2019

Jesús Vázquez Almuíña
Conselleiro de Sanidade

